

O combinado sueco chegou dúas semanas antes da competición a fin de realizar parte do seu adestramento de inverno na pista de remo olímpica de Castrelo de Miño

Castrelo de Miño comeza a acoller aos remeiros internacionais que participarán no III Descenso do Ribeiro- Open de las Naciones

Castrelo de Miño. 17 Febreiro de 2009. Dende o pasado sábado 26 promesas do remo sueco, adestran nas instalacións do encoro de Castrelo de Miño- única pista de remo olímpico de Galicia.

O Descenso do Ribeiro- Open de las Naciones está a resultar unha boa carta de presentación cara equipos internacionais que deciden vir entrenar á Península debido ás condicións climatolóxicas máis favorables do noso país durante o inverno. Actualmente, a delegación sueca acode a adestrar ao encoro de Castrelo dúas veces ao día, pola mañá e pola tarde. Ata o remate da competición o 1 de marzo, a equipación sueca estará aloxada na residência de Tempo Libre de Carballiño.

Información sobre os equipos suecos.

Os equipos que traen é unha combinación da selección nacional e unha destacada escola de remo (de instituto).

A selección nacional está representada polo equipo feminino de 4x, peso lixeiro, que adestra para clasificarse para Londres 2012. Todas las tripulantes representaron a Suecia nun campionato internacional o ano pasado.

Karin Högberg se clasificó 11ª na individual feminina
Emma Fredh foi sétima de 4x no mundial junior
Cecilia Lilja foi 12ª na individual do campionato U23.

As outras dúas tripulacións de 4x son unha combinación de juniors, pesos lixeiros e pesado con vistas a incorporarse á selección nacional este verán.

O 8+ (8 masculino con temoneiro) é unha combinación de juniors e pesos lixeiros. Este ano competirán en dous 4x (4 scull) para os campionatos U23 e o mundial de junior.

Strömstad Rowing High School (Instituto de Remo Strömstad) é unha escola onde os mellares remeiros junior de Suecia poden estudar e adestrar. A escola está patrocinada pola Federación Sueca de Deportes.

Adxúntanse varias fotografías do equipo sueco adestrando onte no encoro de Castrelo de Miño.

Se precisan ampliar esta información ou se desecan realizar unha reportaxe ou entrevista, podemos poñelos en contacto co adestrador do equipo sueco STROMSTAD, Berna Spielberg.